AGAPI
ASOCIACION GALEGA DE PRODUTORAS INDEPENDENTES

Xuntanza AMAZON

O martes 27 de abril de 2021 tivo lugar a xuntanza entre AGAPI e Amazon. Por parte da plataforma estiveron **María José Rodríguez** (Head of Originals), **Adriana Izquierdo** (Scripted Development Executive) e **Chiti Rodríguez** (coordinadora creativa), **Óscar Prol Álvarez** e **José Rueda.**

Explicaron que eles cinco forman o equipo de **Amazon Original.**

O que buscan son contidos de calidade que poidan aportar un valor diferencial, tanto en ficción como en entretemento. Queren un contido que funcione de forma local. O modo de traballo no equipo de original é financiar o proxecto por completo e quedarse con todos os dereitos a nivel mundial.

Buscan ideas novas e interesantes para poñer en marcha un proceso de desenvolvemento de forma conxunta ata o momento da 'green light' no que se entende que se pode empezar a producir.

Na parte de entretemento están Óscar Prol e José Rueda que destacaron a importancia de buscar proxectos moi masivos e que sexan diferentes ao contido que ofrecen as televisións en aberto. Como exemplos: El desafío ETA ou a serie sobre Sergio Ramos. Non buscan concursos de plató nin formatos puros de programas de TV, queren mais ben documentais, docuseries ou docurealities.

Na parte de ficción buscan tamén chegar a públicos amplos, pero non necesariamente masivos. Queren contidos definidos con targets claros. Teñen interese en contidos contemporáneos, novas voces e ideas frescas. Como exemplo: historias de segundas voces de emigrantes.

Chiti é a coordinadora creativa e é a persoa que recepciona as ideas. O *modus operandi* é facerlles chegar un dossier (breve) e esperar a que contesten (sempre dan feedback de todo o material que reciben, pero non souberon apuntar prazos para facelo). Se o proxecto lles interesa, o seguinte sería pechar unha xuntanza en liña para seguir avanzando ou ampliando información.

Déixovos os contactos:

- **Chiti Rodríguez** (coordinadora creativa): donday@amazon.com
- **María José Rodríguez** (Head of Originals)**:** mariajose.rodriguez@amazonstudios.com
- **Adriana Izquierdo** (Scripted Development Executive): adriana.izquierdo@amazonstudios.com
- **Óscar Prol Álvarez:** oscar.prol@amazonstudios.com
- **José Rueda:** jose.rueda@amazonstudios.com

A maiores, pásovos outros contactos que poden ser de interese para contidos non-original, é dicir, nos que participen ou vaian participar outros actores (televisións, fondos públicos, inversores, ...):

- **Ricardo Carbonero** (Amazon Spain Buyer/ Acquisitions Executive) : llorenr@amazon.es
- **Mauricio de la Cerda** (adquisións de películas de catálogo): dmauri@amazon.es